

nión celebrada o pasado 19 de outubro, a teor do disposto no artigo 9.1º da Lei do valedor do Pobo, dispoño nomear:

- Vicevaledor segundo, a Domingos Merino Mejuto.
- Vicevaledora terceira, a Mª Dolores Galovart Carrera.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 9.2º da referida lei.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2005.

José Ramón Vázquez Sandes
Valedor do Pobo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 9 de maio de 2005 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos de formación profesional, por ciclo completo, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no DOG número 97, do 23 de maio de 2005, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Onde di:

Nome concello	Código centro	Nome centro	Réxime	Código ciclo	Nome ciclo
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	Ordinario	CM06002	Xestión comercial e márketing
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CM09003	Sistemas de regulación e control automáticos

Debe dicir:

Nome concello	Código centro	Nome centro	Réxime	Código ciclo	Nome ciclo
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	Ordinario	CS06002	Xestión comercial e márketing
Vilagarcía de Arousa	36013771	IES Fermín Bouza Brey	Ordinario	CS09003	Sistemas de regulación e control automáticos

Corrección de erros.-Orde do 10 de maio de 2005 pola que se actualiza a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2005-2006.

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no DOG número 97, do 23 de maio de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

Onde di:

Concello	Cód. cent.	Nome centro	Familia profesional	Cód. ensino	Ciclo formativo	Cód. mód.	Módulo
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	CM09002	Equipamentos electrónicos de consumo	CM0122	Calidade
Lugo	27006528	IES As Mercedes	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CS0087	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CS0087	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0063	Comunicación, arquivo de información e operacións de teclados
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CS0087	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0308	Fundamentos de programación
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Administración	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0309	Implantación de aplicacións informáticas de xestión

Debe dicir:

Concello	Cód. cent.	Nome centro	Familia profesional	Cód. ensino	Ciclo formativo	Cód. mód.	Módulo
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugo	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0122	Calidade
Lugo	27006528	IES As Mercedes	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CM0086	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CM0086	Aplicacións informáticas de propósito xeral
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	Administración	CM04001	Xestión administrativa	CM0063	Comunicación, arquivo de información e operatoria de teclados
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	Comercio e <i>marketing</i>	CM06001	Comercio	CM0086	Aplicacións informáticas de propósito xeral

Concello	Cód. cent.	Nome centro	Familia profesional	Cód. ensino	Ciclo formativo	Cód. mód.	Módulo
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Informática	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0FOL	Formación e orientación laboral
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Informática	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0308	Fundamentos de programación
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Informática	CS14002	Administración de sistemas informáticos	CS0309	Implantación de aplicaciones informáticas de xestión

Engadir á oferta:

Concello	Cód. cent.	Nome centro	Familia profesional	Cód. ensino	Ciclo formativo	Cód. mód.	Módulo
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CMAECE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0125	Electrónica xeral
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0127	Equipos de son
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0RET	Relacións no equipo de traballo
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0FOL	Formación e orientación laboral
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0128	Equipos microinformáticos e terminais de telecomunicación
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0126	Equipos de imaxe
Coruña, A	15005269	IES Urbano Lugrís	Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	CM0129	Formación en centros de traballo

Orde do 17 de outubro de 2005 pola que se convocan axudas para a realización de escolas viaxeiras durante o ano 2006.

As escolas viaxeiras cumpren unha función importante ao facilitarlles aos alumnos a posibilidade de realizaren múltiples actividades de tipo formativo-cultural fóra do medio propiamente escolar, xa que sitúan o neno nun medio diferente ao seu, que lle vai propiciar unha maior convivencia e cooperación co profesor e outros compañeiros, ampliando os seus coñecementos e a súa comprensión integral, ao coñecer diferentes lugares, xentes, terras, costumes, historias e recursos.

Con base no acordo subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia e co fin de permitirllas aos alumnos galegos de educación primaria o contacto directo con outras zonas e culturas de España, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.

1. Convocar 540 axudas (36 grupos) destinadas a alumnos que no momento de formularen a solicitude estean cursando 4º, 5º e 6º de educación primaria en centros ordinarios da Comunidade Autónoma de Galicia, para participaren na actividade das escolas viaxeiras.

2. As escolas viaxeiras levaranse a cabo nas datas comprendidas entre o 28 de marzo e o 12 de xuño (primeira quenda) e entre o 26 de setembro e o 27 de novembro (segunda quenda) de 2006.

3. Os/as alumnos/as participantes integraranse en grupos de entre doce e quince (12 e 15), aos que acompañará un/unha profesor/a do seu centro, preferiblemente o/a titor/a correspondente.

Segundo.

Cada grupo de entre doce e quince alumnos/as percorrerá, xunto con outros dous grupos similares doutras comunidades, unha das rutas relacionadas no anexo I, ao longo dunha semana, iniciándose o seu percorrido o martes da semana que corresponda coa chegada dos alumnos á cabeceira da ruta, e finalizando o luns seguinte (preferentemente pola mañá).

Terceiro.

As axudas ás que se refire esta orde comprenderán:

a) O transporte desde a localidade onde está o centro escolar para un total de entre 12 e 15 alumnos e un profesor ata a cabeceira de ruta (lugar onde está a residencia), de acordo cos seguintes módulos de distancia en quilómetros (ida e volta):

Menos de 500 km: ata un máximo de 960 €.

Entre 501 e 1.000 km: ata un máximo de 1.440 €.

Entre 1.001 e 2.000 km: ata un máximo de 2.128 €.

Entre 2.001 e 2.500 km: ata un máximo de 2.592 €.

Máis de 2.500 km e os centros que percorran as Illas Canarias, Baleares e Melilla: ata 3.072 €.

b) Os gastos de aloxamento e manutención nos centros de acollida.

c) Os gastos de transporte por estrada correspondentes ao percorrido de cada ruta.

d) A cobertura de riscos durante o período de duración das escolas viaxeiras.

Cuarto.

Os/as profesores/as acompañantes (un por cada grupo de entre 12 e 15 alumnos/as) que terán que ser necesariamente os tutores ou, se é o caso, profesores/as dos que habitualmente imparten clase ao grupo de alumnos/as, disporán de transporte e aloxa-